

EXCURSIONISMO EN GALICIA

FONTE: Instituto Nacional de Estadística (INE) - Instituto Galego de Estatística (IGE)

Durante o ano 2019, e tendo en conta que cada excursión equivale a un excursionista ou o que é o mesmo, a unha persoa, o número de excursionistas expresado en miles -persoas que viaxan a un lugar diferente ao da súa contorna habitual e non pasa a noite, cando o obxectivo principal da viaxe non é o exercicio dunha actividade remunerada dende o lugar visitado- procedentes do resto de España e do estranxeiro foi de 3.342,9, o que representa unha variación anual do -5,1 % respecto do ano 2018. Por outra banda, o número de excursións -expresadas en miles- realizadas polos galegos dentro da comunidade autónoma ascende a 16.655,2 cunha variación anual do -3,7 %. Tendo en conta o volume de excursións que se realizan á comunidade galega dende o resto de España e o estranxeiro co volume de excursións dos residentes en Galicia ao resto de España e ao estranxeiro, obtense o seguinte cadro:

	Resto de España	Estranxeiro	TOTAL
Entrantes	502,7	2.840,2	3.342,9
Saíntes	421,4	914,7	1.336,1
SALDO (Entrantes - Saíntes)	81,3	1.925,5	2.006,8

Cadro 1: Excursionismo receptor e emisor comparado. Número de excursións en miles

Ao longo do ano 2019, o gasto total realizado polos excursionistas procedentes do resto de España e do estranxeiro foi de 194.678 miles de euros, que recolle unha variación anual do 1,4 % respecto do ano 2018. Comparando o volume de excursións que se realizan á comunidade galega procedentes do resto de España e do estranxeiro, co volume de excursións dos residentes en Galicia ao resto de España ou ao estranxeiro, obtemos o cadro seguinte:

	Resto de España	Estranxeiro	TOTAL
Entrantes	29.033,2	165.644,8	194.678
Saíntes	27.686,2	46.121,1	73.807,3
SALDO (Entrantes - Saíntes)	1.347	119.523,7	120.870,7

Cadro 2: Gasto total do excursionismo receptor e emisor comparado. Gasto total en euros

Tendo en conta as excursións realizadas polos galegos dentro da comunidade autónoma, o volume do gasto total realizado polos excursionistas ascende a 567.735,5 miles de euros, cunha variación anual do -1,9 %.




Figura 1: Excursionistas con destino Galicia segundo orixe




Figura 2: Gasto total do excursionismo con destino Galicia segundo orixe




Figura 3: Evolución do número total de excursionistas en miles




Figura 4: Evolución do gasto total en miles de euros